



ACTIVIDADES 1-5 DE XUÑO

ORATORIA

Camiñamos un novo mes...

ACTIVIDADES (data límite de entrega: 5 de xuño)

Ides ler o documento sobre dous aspectos da posta en escena: a *cinésica* e a *proxémica*. Serviranos para repasar a posta en escena. Logo responderedes a estas cuestións:

POSTA EN ESCENA (PARTE A)

- 1) Indica o significado de *cinésica* e *proxémica* e a súa etimoloxía. Para o significado etimolóxico ofrétzoches os seguintes enlaces:

<http://etimologias.dechile.net/?kine.sica>

<http://etimologias.dechile.net/?proxe.mica>

- 2) Segundo Allan Pease, que impacto xera no oínte a linguaxe corporal?
- 3) Que elementos, máis importantes que as palabras, empregamos nas nosas comunicacións orais? Cal é o máis importante?
- 4) Refire os tres xestos de mans que máis potencia comunicativa achegan.
- 5) De xeito moi breve, di o que representa cada un dos tres xestos e cales teñen unha connotación positiva e cales negativa.
- 6) Dado que os xestos de connotación negativa non é posible, ás veces, non empregalos, ¿que solución nos ofrece a lectura?
- 7) Ademais dos anteriores, que outros dous xestos deben ser evitados nas exposicións orais. Por que?
- 8) Deben empregarse as mans cando queiramos facer uso de enumeracións? Por que?
- 9) A proxémica relaciónase co espazo que domina ou emprega o orador no seu discurso e co cal interactúa. Que non é recomendable?

POSTA EN ESCENA (PARTE A)

A cinésica: a comunicación corporal

Allan Pease publicou en 1976 o libro *A linguaxe corporal*, no que analizaba a importancia comunicativa do corpo nas mensaxes orais. Para a elaboración deste material realizou unha exhaustiva investigación sobre a relevancia da linguaxe física e demostrou que o impacto que nas mensaxes teñen sobre os oíntes as palabras, a vocalización e a linguaxe corporal se distribuía de forma desigual e con preponderancia desta última. Así:


- As palabras: dun 7 a un 10%
- A vocalización: dun 20 a un 30%
- A linguaxe corporal: dun 60 a un 80%

Con estes estudos queda demostrado que algúns elementos son máis importantes que as palabras que empregamos nas nosas comunicacións orais: o aspecto, a xesticulación, o sorriso, a vestimenta e os movementos que executamos cando transmitimos unha mensaxe. Estes elementos son os que máis impacto causarán nos receptores da nosa mensaxe, fronte á irrelevancia que presentan as palabras que escollemos, contrariamente ao que poderíamos pensar.

Un dos elementos que máis información transmite nas nosas comunicacións orais son **as mans**. Por iso, usalas de forma eficaz vains permitir aproveitar ao máximo as potencialidades comunicativas do noso corpo.

Os xestos de mans que máis potencia comunicativa achegan son os seguintes:

1. A **palma da man cara arriba** representa un xesto afable e nada ameazador, que denota que imos con boas intencións. Este xesto era empregado dende o principio dos tempos polos seres humanos para indicar que quen o facía ía desarmado e que, polo tanto, non buscaba liortas.



2. O xesto contrario, a **palma da man cara abaixo**, representa unha intención de dominación, co que o noso interlocutor percibe que está a recibir unha orde. O uso continuado deste xesto durante unha exposición provocará unha reacción hostil e de rexeitamento por parte do público que nos está a escoitar.



3. **A man pechada e sinalando co dedo** é o xesto máis agresivo que pode empregar un orador. E polo tanto, debe ser evitado, porque con el o noso interlocutor vaise sentir agredido e imos transmitirle ao público a imaxe dun orador agresivo, déspota e pouco tolerante.



Se non somos capaces de evitar os dous xestos con connotacións negativas (2 e 3), recoméndase que se combinen os tres xestos e, sobre todo, se non damos evitado o terceiro, débese combinar co primeiro e acompañalo dun sorriso, xa que este último xesto traslada unha imaxe de amabilidade. Con estas estratexias conseguírase atenuar os dous xestos violentos e acadarase unha atmosfera máis relaxada e un efecto moi positivo nos receptores que están a recibir a nosa mensaxe.

Dous xestos que se deben evitar nas exposición orais son as mans nos petos e coller papeis cando estas nos tremen. O primeiro deles prívanos, como xa comentamos ao comezo, dunha das nosas mellores armas de comunicación non verbal, e chega a transmitir unha imaxe de desidia e pouca implicación do orador coa súa mensaxe. O segundo traslada unha mensaxe de nerviosismo por parte do comunicador, xa que o tremor das nosas mans manifestarase de forma máis acusada nos papeis que temos nelas. Nese caso, unha estratexia para os primeiros minutos da nosa exposición é situarse detrás do atril ou mesmo agarrarnos a el. O problema desta solución é que non saíamos desta posición durante todo o discurso e perdamos a eficacia inicial da medida.

As mans son un instrumento moi eficaz e visual para as enumeracións, e non debemos desaproveitalas, porque facilitaremos que o noso auditorio capte máis facilmente a mensaxe. Por exemplo, se queremos indicar que empregaremos tres argumentos no noso discurso, ergueremos a man con ese número para que ademais de escoitalo tamén se perciba visualmente. Despois, cada vez que vaíamos expoñer cada un dos argumentos, indicaremos tamén coa man levantada o número de argumento que imos enunciado. O que conseguiremos con estas indicacións é que a nosa mensaxe chegue ao auditorio a través de dúas canles, a auditiva e a visual, aumentando a eficacia da nosa comunicación.

A proxémica: o control do espazo escénico

William Condon, especialista en cinésica, afirma que «en formas mínimas, o corpo do home baila continuamente ao compás do seu discurso. Cada vez que unha persoa fala, os movementos das súas mans e dos seus dedos, os cabeceos, os pestanexos, todos os movementos do corpo coinciden con ese compás».

Un bo orador debe manter unha postura adecuada: a cabeza ergueita e os ombreiros cara atrás, en posición relaxada. Deben evitarse os movementos de pés e mans, xa que transmiten nerviosismo. Non se recomenda pasear con axitación dun lado a outro, pero tampouco permanecer estático, coas mans nos petos ou nas costas, nin apoiarse na parede ou sentar na mesa.

Lalín, a 1 de xuño de 2020

Nonito Rodríguez
(Xefe de departamento de Latín)